

| SERVIZO |

Asesoría xurídica en materia educativa

A Unión de Cooperativas Galegas **EspazoCoop** conta cun:

Servizo de asesoramento xurídico especializado no ámbito educativo,

destinado ás cooperativas de ensino asociadas á Unión, aos centros educativos de Aces-Galicia, e ás propias asociacións. Foi contratado mediante concurso público en novembro de 2017.

Os **datos de contacto** para facer uso do Servizo son :

belen@rodriguezvilas.es | 986453353 – 653665743 | Belén Rodríguez



En que consiste o Servizo?

1 | Resolución de de consultas plantexadas pola Unión, por Aces-Galicia, e polos centros educativos asociados en **materia civil, penal, laboral e administrativa** relacionadas co eido **educativo**.

2 | Elaboración de escritos en vía administrativa en materia educativa aos centros asociados.

3 | Elaboración de recursos e reclamacións en vía administrativa en materia educativa aos centros asociados.

4 | Descontos dun 35% noutros servizos que poidan demandar a Unión ou os centros educativos asociados, como poden ser:

- Asistencia a reunións, xuízos, etc. (o desconto aplícase sobre unha tarifa mínima de 120 €)
- Asistencia a asembleas das cooperativas de ensino ou centros educativos (o desconto aplícase sobre unha tarifa mínima de 50 €)
- A relatorios en reunións (o desconto aplícase sobre unha tarifa mínima de 90 €)

Todas as cantidades indicadas devengarán o IVE correspondente.

Orientativamente, que temas pode abordar o Servizo?

- Consultas sobre responsabilidade civil, acoso escolar, problemas derivados de separación ou divorcio, contratación, xubiliacións, xornada e rexistro, pago delegado, réxime sancionador, habilitacións, etc.
- Concertos educativos, autorizacións de unidades, centros de nova creación, autorización de unidades de FP semipresencial, cuestións sobre actividades extraescolares, complementarias e servizos, exencións fiscais, etc.
- Alegacións e recursos en vía administrativa.

Onde se presta o Servizo?

O lugar de prestación do servizo é no despacho profesional de **Rodríguez y Vilas C.B.** na **Avda. de Vigo, 216-1ºA. Chapela – Redondela (Pontevedra)**

As consultas poderán ser presenciais no enderezo indicado; telefónicas, nos números 986453353 e 653665743; ou a través do correo electrónico belen@rodriguezylvilas.es. A persoa de contacto será Belén Rodríguez.

As consultas serán respondidas á maior brevidade.

Protección de datos

EspazoCoop poderá ceder a **Rodríguez y Vilas C.B.** (adxudicataria da prestación do servizo) datos relativos aos seus asociados a fin de poder prestar o servizo de asesoramento xurídico especializado, pero para elo deberá recadar as autorizacións que correspondan. Salvo o indicado anteriormente non se realizarán cesións de datos a terceiros, con excepción das derivadas das obrigas legais ante as Administracións Públicas, tampouco se realizarán transferencias internacionais de datos.

Teñen dereito a obter confirmación sobre si en Rodríguez y Vilas C.B. están a tratar os seus datos persoais, poderá exercitar o dereito a acceder aos seus datos persoais, retificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios. Para elo deberán enviar unha carta á dirección do responsable cunha copia do seu Dni.